


Begonte

Mensaxe de Nadal para Xosé Domínguez Guizán, morto



El Belén electrónico revitalizó la celebración de la Navidad en Begonte

Fiz Vergara Vilarinho

Xa chega o Nadal. E tempo de poñer en alto a esperanza; ó tempo de paz, ledicia, gozo, amor, soños, ilusións... E tempo de felicitármonos e felicitar: mandar cristsmas ós amigos, ós familiares, á xente querida...

Por mor dun crisma andei eu caviloso estes días. ¡Que parvada! —dirá o lector. Pois non, señores, non é ningunha parvada. O meu crisma é ben particular e senlleiro. Trátase dunha tarxetinha para enviar ó Mais Alá. E unha mensaxe para Xosé Domínguez Guizán, morto hai pouco menos dun ano. Case nada. ¡Que lle podo dicir eu a Don Xosé se agora o contempla todo desde o reino da luz? Velaqui a miña pregunta. Estaba facéndome cando veu un vento levián, a modo de fada e soproume na orella: "Fálalle do Belén electrónico de Begonte". —¡Abollas é unha boa idea, si señor!— dixen eu dando un chouto. E coa mesma púxenme a

escribirlle este crisma ó crego amigo. Alá vai, pois, a miña mensaxe camiño da eternidade. Estou seguro que lle ha de gustar ó seu destinatario; anque só sexa por falarlle de Begonte —a súa parroquia— e do Belén electrónico —o seu Belén—.

Desde o alvorecer da historia, vense imponendo esta razón entre os homes de boa vontade; "O mellor favor que lles podemos facer ás persoas esgrevias, ás xentes xenerosas, é segui-lo seu propio exemplo. A vila de Begonte tomou boa nota desta razón: por iso segue a face-lo Belén electrónico (este ano sen a túa presencia física). Coma en ediciones anteriores, os "artimaneiros" colocaron no piso fondeiro do Centro Cultural as figuras: San Xosé, a Virxe María, o Neno Xesús, os Reises Magos, os pastores, o labrego asando o lacón, o ferreiro dándolle ó barquín, o pescador e a lavandeira xunto do río... E más, moitas más. Déronles vida e cor para facelas rechamantes. Talmente coma se estiveras ti dirixindo.

Convocaron os xa clásicos concursos culturais, organizaron exposicións, e todo. Así van celebra-lo Nadal deste ano e honra-la túa memoria inmortal. Todos coidamos que non ía ser deste xeito. O Faltares ti pensamos que se fa esvai-lo ronsel da túa laboura. Trabucámonos. Houbo novos guieiros, xentes inquedas, dispostos a alonga-la túa iniciativa.

Resulta fermoso ver como os teus fregreses prolongan unha tarefa tan nobre e humana; é admirable comprobar como nestes tempos encheitos de materialismo e intereses económicos, cando gran parte do mundo vive envolto en liorta fraticida, as xentes dunha viliña luguesa se adican a facer un belén sen máis ambicións ca espalla-lo espírito do Nadal. Estas xentes son discípulos de San Francisco de Asís, aquel santo sinxelo, traballador e pacífico, creador da tradición dos beléns en 1213. Outro verdadeiro Santo de Asís fúchelos, Xosé Domínguez Guizán. (Non me diga-lo contrario). O

mesmo arremangába-la sotana para axudares a monta-lo Belén electrónico como para construir unha pista ou unha pontella. (Galicia necesita moitos cregos coma ti). E o teu esforzo non foi en valuto, abofellas. Hoxendía Begonte é un pobo con futuro envidiable e prometedor, e o teu ronsel xa se espärexe pola nosa Terra adiante. "¿Para que me dirá todo isto se o estou vendo cos meus ollos?" —preguntarás-te ti sentado á man dereita do Todopoderoso. Ti sábelo porque o vez, é certo; eu non o ignoro. Mais, ¿qué saben da túa laboura os guerrilleiros do Líbano, do Salvador e de tantos outros países solagados pola guerra? Compría convidalos a viren a Begonte agora polo Nadal.

O Belén electrónico de Begonte (o teu belén) xa vai pola XVI edición. Este ano presenta un programa de actividades máis variado ca nunca. ¡Nin que ti iluminaras ós organizadores desde o alén! Mira: xa se convocaron os concursos de poesía, xornalismo e postais navideñas; o día vinte celebrouse a inauguración cun solemne pregón a cargo do rexidor da Diócese de Mondoñedo; hai exposicións de cerámica, alfarería e pintura; o mes de xaneiro está ateigado de actividades musicais: actua a Rondalla do Centro Cultural, e Coral Polifónica de Villalba, o humorista Pepe Regueira, o coro Cantigas e Frores... E máis. Todo elo para darlle maior esplendor á Campaña do Nadal, traer forasteiros a Begonte e enche-lo peito dos homes de paz e gozo.

E tarefa de todo bon cristián facer felices ós demais, enche-los corazóns humanos de ledicia e esperanza. Ti, Xosé Domínguez Guizán, cumplices este cometido ás mil maravillas por medio do Belén electrónico. Milleiros de peregrinos —grandes e nenos— visitárono no decorrer destes dezeseis anos e sairon do Centro Cultural con novos azos para enfrentarse á vida e ralva-los atrancos cotidiáns. En Begonte (gracias a ti) hai un facho aceso para guíalos homes de ben. Sábeo Galicia enteira e tamén boa parte de España. E ainda o han saber máis, moito máis lonxe. A túa laboura non ten lindeiros nin fronteiras. Recorre o ceo e a terra convertida nunha estrela grandeira, alumando os peregrinos cara Begonte, como antano alumara ós Reises Magos de Oriente cara Belén. Se hoxe son milleiros de persoas as que coñecen o teu Belén, mañá

serán millóns, seguramente. O teu ronsel non se esvai; outras xentes —discípulos teus— seguén a darlle novos brillos día a día. Ti ben o sabes. Quizais é-lo fado que move as figuriñas do Belén electrónico, esas figuriñas cheas de maxia e galeguidade, dispostas sempre con imaxinación e abelencia. Digoche isto porque o funcionamento do Belén begontino parece cousa do alén, un feito sobrenatural, abofellas. Eses lóstregos, eses tronos, esas neves, eses regueiros cristaliños semellan títeres dunha man divina. ¿Será, talvez, a túa man? Máis dun romeiro pensará en ti ó contempla-lo Belén, mentras se engaiola mirando as figuras animadas, mentres sente caer no seu corazón unha choiva mol de paz, como caía en Belén de Xudá hai vinte séculos, igualciño.

Este Nadal tódolos galegos iremos visita-lo teu antigo Belén; pero xa non serás ti o noso guieiro. Xa non serás ti quen nos mostre as figuras nin quen poña panxoliñas no xiradiscos. Botaremos de menos as túas parolas gasalleiras e os teus sorrisos ocultos tras dos cristais das gafas afumadas. Consolárémonos vendo o teu busto en bronce ou pedra, mandado esculpir polos teus fregreses. (Un pobo que honra os seus mortos banqueridos é un pobo maduro, en continua evolución cara a paz e o progreso). Outramente pedirémosche que guie-los nosos pasos cara Begonte durante moitos anos, joh, amigo que te fuches, Xosé Domínguez Guizán, bon crego.

El Orfeón Lucense cierra hoy el ciclo de actuaciones corales

Redacción

Hoy, a las cinco y media de la tarde, en el Centro Cultural "José Domínguez Guizán", actuará el Orfeón Lucense dirigido por su titular José Castiñeiras Pardo. Con este recital el Orfeón completará el ciclo de actuaciones corales que con motivo de la Navidad se inició en Begonte el pasado mes de diciembre.

Plazo de entrega de originales para los concursos

Hoy finaliza el plazo de entrega de originales para los concursos de periodismo y poesía convocados por el Centro Cultural. El premio de poesía, de carácter nacional, así como el de periodismo, se fallarán en el transcurso del presente mes y la entrega tendrá lugar el día 31.